ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2013-2014

	LUNS E MÉRCORES	MARTES E XOVES	VENRES
16:00 a 17:00	BALLET (2º EP) PSICOMOTRICIDADE (5º e 6º EI) MÚSICA (5º-6º EI) MÚSICA (1º-2º EP INGLÉS (3º EP) INGLÉS (5º-6º EI) XADREZ PIANO (Magdalena) / GUITARRA	BALLET (1º EP) TAEKWONDO (3º-6º EP) INGLÉS (4º EP) PIANO (Iolanda e Carmen) MULTIACTIVIDADE EI	BALLET (4º-5º EI) PIANO (Iolanda, Carmen Magdalena) TENIS
17:00 a 18:00	BALLET (3º EP BAILE MODERNO (EP) INGLÉS (1º EP) INGLÉS (2º EP) INGLÉS (3º-4º EP) MÚSICA (3º-4º EP) MÚSICA (5º-6º EP) PIANO (Magdalena) / GUITARRA	BALLET (4º-6º EP) TAEKWONDO (1º-2º EP) INGLÉS (5º E 6º EP) DEBUXO (2º-6º EP) PIANO (Iolanda e Carmen)	PUNTAS BALLET (4º-6º EP) PIANO (Iolanda, Carmen Magdalena) GUITARRA BATERÍA TENIS
USC natación	16:30 a 17:15 É requisito imprescindible para participar nesta actividade que @ nen@ teña cumpridos os 6 anos.	17:15 a 18:00	15:45 a 16:30 (un día á semana) 16:30 a 17:15 (un día á semana) 17:15 a 18:00 (un día á semana)
SAR TENIS	Actividade anual a realizar na pista cuberta de Sar en horario :		16:00h-1700h 17:00h-18:00h 18:00h-19:00h (conf.)

Taekwondo do CEIP Pío XII

O **grupo de Taekwondo do CEIP Pío XII** acada grandes resultados no II Campionato "Concello da Estrada" desta disciplina.
Crónica: Roi Pazos Portela. Adestrador de Taekwondo. Club Koryo de Taekwondo.

"O pasado 25 de maio os alumnos e alumnas da Actividade Extraescolar de Taekwondo do CEIP Pío XII, participaron, a través do Club Koryo, no II Campionato Infantil de Taekwondo "Concello da Estrada" obtendo fermosos trofeos, nunha competición que atraeu a máis de 70 deportistas.
Os representantes de Pío XII competiron nas modalidades de técnica individual e exhibición, levando nesta ultima dous equipos: alevín e benxamín. Tódolos participantes viron recompensado o seu esforzo con cadansúa medalla, pero ó chegar a hora da competición só os mellores acadaron trofeos e diplomas.
Na modalidade de técnica, Ander Buján Atienza proclamouse campión na categoría D1 masculina de entre 10-11 anos (dende cinto branco a amarelo); mentres que Rodrigo Tasende Reboredo acadou o segundo posto na categoría D 2 masculina para esa mesma idade (dende cinto amarelo-laranxa a verde), soamente superado por Eduardo García Muñíz que logrou o primeiro posto, e polo tanto acadou o título de campión do torneo.
Pero o espectáculo chegou un anaco máis tarde coas exhibicións. Participaron exhibicións doutros colexios de Santiago e arredores, especialmente da Estrada; e foi aquí cando os equipos do Pío XII amosaron máis unión ca nunca á hora de competir en equipo.
Así, o equipo alevín, formado por: Eduardo García Muñíz, Rodrigo Tasende Reboredo, Ánder Buján Atienza, Mario Blanco López e Paula Calvo Souto, acadou o terceiro posto nunha modalidade moi disputada. O equipo benxamín, a pesar de sufrir baixas de última hora competiu ben e acadou un 4º posto que deixa un sabor agridoce. Este equipo quedou conformado finalmente por: Pedro Devesa Domínguez, Miguel Sáez Carro, Pedro Moure Lamas, Nicolás Harris Hernández e Alberto Rodríguez García (desexamos a pronta recuperación de Álvaro Gil Franco).
O actor e humorista David Amor, antigo alumno do Club Koryo de Taekwondo, foi o encargado de entregar os trofeos e diplomas. Estes momentos especiais, e xa para o recordo, vivíronse nun ambiente inmellorable no pavillón. O evento foi organizado polo Club de Taekwondo Koryo, e contou coa colaboración do Concello da Estrada e da Federación Galega de Taekwondo".
Gracias Roi e felicidades a tódolos nenos e nenas que participaron e acadaron grandes éxitos nesta primeira experiencia competitiva.
Esperemos competir aínda mellor en vindeiras ocasións. Adestramento, constancia e bo ambiente, imperan neste grupo de rapaces e rapazas do CEIP Pio XII. Noraboa, e a seguir adestrando.

"Aladdín" no Auditorio de Galicia.

Un ano mais, Memé e o seu excepcional grupo de bailarinas acadaron grandes éxitos na súa exhibición anual de baile no **VIII Certame de Danza Intercentros** celebrado o pasado 2 de xuño no Auditorio de Galicia. As nenas, de entre 6 e 11 anos, protagonizaron unha espectacular interpretación de "Aladdín". A calidade artística e escénica do grupo foi gratamente aplaudida polo emocionado público que acudiu ó evento. NORABOA e FELICIDADES a todas polo excelente traballo.

Viaxe ó Brasil con "TRÓPICO DE GRELOS"

O pasado 12 de xuño os nenos e nenas de 4º de primaria que asisten á actividade de música do ANPA, fixeron unha viaxe moi curta ca súa monitora Iolanda para chegar a lugares moi lonxanos, viaxaron a Brasil a través da música afrobrasileira da man dunha asociación cultural que ten como nome Trópico de Grelos.
Iolanda Eiras relata así a experiencia:
"Puidemos escoitar diferentes ritmos e coñecer instrumentos descoñecidos por nós como os surdos, o repeniques, os timbaus…
Narci que é un dos directores de Trópico explicounos cómo diferentes culturas, a portuguesa, africana... foron integrándose para formar todos estes ritmos: o samba, o merengue,…

FELICITACIÓNS

Queremos felicitar aos nosos profesores de Música/Piano e Teatro, Carmen e Antón, que nos próximos meses serán pais…!, dende aquí os nosos mellores desexos para a nova familia…!
Do mesmo xeito, queremos felicitar á nosa profesora de Música/Piano, Magdalena, que en poucos días pasará polo altar….Vivan os Noivos…!

DESPEDIDAS

A ANPA "A Ferradura" quere desexar moita sorte aos alumn@s de 6º de primaria que no vindeiro curso comezarán unha nova etapa académica no instituto. Botaremos de menos a estas nenas e nenos que o longo destes anos encheron de alegría as aulas e patios do colexio.
UN BICO MOI FORTE PARA TOD@S.
A tódalas nais/pais, alumn@s e profesorado:
MOI FELIZ VERÁN!!